

€ 400

- > Unha axuda municipal para as familias de Pontevedra
- > 400 euros por fillo ou filla
- > Mercar ordenadores de uso escolar
- > Portátiles ou de sobremesa
- > Perseguiamos a igualdade de oportunidades

Superconexión



Ninguén sen
computador
en clase

Superconexión

Por que



Porque a tecnoloxía da información e a comunicación é cada vez máis importante, porque cada vez é máis necesario para estudar e porque queremos que todas e todos teñan as mesmas oportunidades

Para quen



Para todo o alumnado empadronado no Concello de Pontevedra matriculado no curso 2020-2021 en estudos de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial nos centros docentes públicos ou concertados

As familias beneficiarias con 1 fillo ou filla non poden superar os 39.900€ de renda; as que teñen 2 deben gañar menos de 43.225. As de 3, menos de 47.215 e as de 4 ou máis non poden ter unha renda superior aos 49.875€.

Canto



Destinamos 400.000 euros do Orzamento Municipal para que as familias dispoñan de **400 euros** por cada persoa menor de idade escolarizada, cun máximo de 2.000 euros por unidade familiar.

Como



Todas as familias poden solicitar esta axuda se cumpren os requisitos económicos

Podes presentar a solicitude presencialmente no Concello ou na sede electrónica <http://sede.pontevedra.gal/>

Só se pode presentar unha solicitude por unidade de convivencia (aínda que pode incluír varios fillos ou fillas)

Para repartir as axudas, terán prioridade as familias de menor renda e con maior puntuación segundo as circunstancias que recolle a convocatoria, que podes ver en www.pontevedra.gal

Que hai que aportar



En moitos casos, **abonda con 4 documentos**: o DNI de quen o solicita, o libro de familia, a declaración da Renda de 2019 dos membros da unidade familiar e o certificado de matriculación no centro escolar no curso 2020-2021

Se os houbese, ademáis, poden aportar o certificado de ingresos de pensións, desemprego, Risga ou semellante, certificados de discapacidade ou de dependencia, documentación sobre violencia de xénero, sentenza de divorcio na que conste a custodia dos ou das descendentes, resolución xudicial sobre acollemento ou tutela ou acreditación de monoparentalidade expedida pola Xunta

Como se cobra



Pódese cobrar **por adiantado** unha vez que está concedida a subvención, pero despois **teñen que xustificalo** coa factura do ordenador ou o xustificación do pago antes do 31 de marzo de 2022. De non ser así, debe devolverse o importe da subvención

Máis info

681 264 835
986 804 300 - Ext. 7191 ou 7192
www.pontevedra.gal



Ninguén sen computador en clase



PONTEVEDRA
SUPERA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Luns, 19 de abril de 2021

Núm. 72

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Subvencións e axudas

SUBVENCIÓN DESTINADA Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA FAMILIAS CON ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL

*EXTRACTO DE SUBVENCIÓN PARA LA CONCESIÓN, EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONES DESTINADAS A LA ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA FAMILIAS CON ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA Y SECUNDARIA OBLIGATORIA, BACHILLERATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRADO MEDIO O EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTENIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.
.Nº EXPEDIENTE: 2021/SUBCC/000004*

BDNS(Identif.):557382

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/557382>)

Primero.- Objeto:

Constituye el objeto de la presente convocatoria:

Financiar la adquisición de dispositivos digitales (ordenadores portátiles y ordenadores de sobremesa) por las familias de Pontevedra, para su uso por el alumnado menor de edad de educación primaria y secundaria obligatoria, bachillerato, formación profesional básica, formación profesional de grado medio o educación especial de centros docentes sostenidos con fondos públicos, empadronado en el Concello de Pontevedra.

Segundo.- Beneficiarios:

Podrán beneficiarse de estas ayudas las unidades familiares de convivencia que cumplan los requisitos previstos en la convocatoria. A estos efectos, se entiende por unidad familiar de convivencia el conjunto de personas que residan en la misma vivienda y se encuentren vinculadas con el/la solicitante por matrimonio o cualquier otra forma de relación análoga de afectividad, por filiación, adopción, acogimiento o tutela legal.

Podde verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:N7QZ74Y5C9VE512Y



Luns, 19 de abril de 2021

Núm. 72

Tendrá la condición de persona titular de la ayuda el miembro de la unidad familiar beneficiaria que la solicite.

Tercero.- Bases reguladoras:

Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Pontevedra aprobada por el Pleno municipal de fecha 17 de septiembre de 2004, y publicada en el B.O.P. de Pontevedra nº 190 de fecha 20 de septiembre.

Cuarto.- Presupuesto, Importe máximo de la subvención individual y porcentaje máximo de gasto financiable:

La contribución económica del Ayuntamiento se efectuará hasta el límite de la aplicación presupuestaria 01.326.0-789.01, con un crédito inicial de 400.000,00 (cuatrocientos mil) euros en el ejercicio 2021.

La cuantía individual de cada ayuda será de 400,00 (cuatrocientos) euros por estudiante menor de edad que reúna los requisitos establecidos en la convocatoria, con el límite del coste del dispositivo digital, de manera que en ningún caso podrá concederse una ayuda por importe superior al precio del equipo informático que se subvenciona, justificado con la correspondiente factura.

La cuantía máxima de la ayuda por unidad familiar será de 2.000,00 (dos mil) euros. Debido a las especiales razones de interés público y social que concurren en la presente ayuda, el porcentaje subvencionable podrá llegar hasta el 100% del coste de la actuación.

Se establece una cuantía adicional por importe de 50.000,00€, que podrá ser utilizada, sin necesidad de aprobar una nueva convocatoria, para el caso de que proceda la aprobación de la lista de espera prevista en las bases de la convocatoria.

Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo para la presentación de solicitudes será de un mes contado a partir del día siguiente a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPPO) del extracto de la convocatoria de la subvención, que será comunicada al BOPPO por la Base de Datos Nacional de Subvenciones, en los términos y con los requisitos establecidos en el artículo 20 de la Ley 38/2003, General de Subvenciones.

PONTEVEDRA, 14/04/2021

EL ALCALDE. MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES



Luns, 19 de abril de 2021

Núm. 72

EXTRACTO DA SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA FAMILIAS CON ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. Nº EXPEDIENTE: 2021/SUBCC/000004

BDNS(Identif.):557382

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/557382>)

PRIMEIRO.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

Constitúe o obxecto da presente convocatoria:

Financiar a adquisición de dispositivos dixitais (ordenadores portátiles e ordenadores de sobremesa) polas familias de Pontevedra, para o seu uso polo alumnado menor de idade de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial de centros docentes sostidos con fondos públicos, empadroadado no Concello de Pontevedra.

SEGUNDO.- BENEFICIARIOS:

Poderán beneficiarse destas axudas as unidades familiares de convivencia que cumpran os requisitos previstos na convocatoria. Para estes efectos, enténdese por unidade familiar de convivencia o conxunto de persoas que residan na mesma vivenda e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por filiación, adopción, acollemento ou tutela legal.

Terá a condición de persoa titular da axuda o membro da unidade familiar beneficiaria que a solicite.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS:

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno municipal de data 17 de setembro de 2004, e publicada no BOP de Pontevedra nº 190 de data 20 de setembro.

CUARTO.- ORZAMENTO, IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN INDIVIDUAL E PORCENTAXE MÁXIMO DE GASTO FINANCIABLE.

A contribución económica do Concello efectuarase ata o límite da aplicación orzamentaria 01.326.0-789.01, cun crédito inicial de 400.000,00 (catrocentos mil) euros no exercicio 2021.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:N7QZ74Y5C9VE512Y



Luns, 19 de abril de 2021

Núm. 72

A contía individual de cada axuda será de 400,00 (catrocentos) euros por estudante menor de idade que reúna os requisitos establecidos na convocatoria, co límite do custe do dispositivo dixital, de maneira que en ningún caso poderá concederse unha axuda por importe superior ao prezo do equipo informático que se subvenciona, xustificado coa correspondente factura.

A contía máxima da axuda por unidade familiar será de 2.000,00 (dous mil) euros. Debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actuación.

Establécese unha contía adicional por importe de 50.000,00€, que poderá ser utilizada, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria, para o caso de que proceda a aprobación da lista de agarda prevista nas bases da convocatoria.

QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do extracto da convocatoria da subvención, que será comunicada ao BOPPO pola Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

PONTEVEDRA, 14/04/2021

O ALCALDE. MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES

